

Bloque 1 Cuestión 3.- CONQUISTA E ROMANIZACIÓN

A presenza romana da Península Ibérica prolongouse desde finais do século III a. C., momento en que se iniciou a conquista, ata principios do século V d. C., cando o desmembramento do Imperio favoreceu o asentamento en Hispania dalgúns pobos xermánicos.

A) A CONQUISTA respondeu basicamente a: 1) **Razóns estratéxicas:** controlar e estabilizar a Península, e xa que logo, o extremo occidental do Mediterráneo. 2) **Razóns económicas:** explotar os recursos mineiros (prata, ouro, cobre, chumbo) e incorporar os produtos agrícolas hispanos (cereais, aceite, vide) á economía romana. 3) **Razóns políticas:** expansión territorial como factor de prestixio de Roma.

Etapas da conquista: A conquista foi custosa e lenta (218 a. C.- 19 a. C.). A causa inicial foi a necesidade de contrarrestar o poder dos cartaxineses no oeste do Mediterráneo.

1ª Fase: Conquista do leste e o sur peninsular (218-197 a. C.). O inicio da conquista enmarcouse no contexto da Segunda Guerra Púnica (guerras que enfrontaron a Roma e Cartago pola hexemonía no Mediterráneo occidental). Os cartaxineses tiñan asentamentos importantes no levante peninsular, onde existían colonias gregas aliadas de Roma (Sagunto, Rhodes, Emporion...). Aníbal Barca atacou Sagunto e avanzou por territorios de influencia romana. Roma contraatacou (o exército comandado por Publio y Cneo Escipión desembarcou en Emporion) invadindo as posesións cartaxinesas na Península e conquistando as costas leste e sur.

2ª Fase: 197- 29 a. C.: conquista do centro e occidente. Nestas zonas atoparon forte resistencia dos nativos producíndose longas e custosas guerras: guerras lusitanas (154-137 a.C.) e guerras celtibéricas (154-133 a. C.). Viriato, líder lusitano, e a férrea resistencia celtibérica en Numancia, simbolizan esta dificultade.

3ª Fase: finalización da conquista en tempos de Octavio Augusto (29-19 a. C.) produciuse o sometemento dos pobos do norte (cántabros, galaicos, astures e vascóns). Pouco tempo despois da guerra, os romanos fundaron a cidade lexionaria de Lucus Augusti (Lugo) para manter a conquista dos galaicos.

B) ROMANIZACIÓN. A romanización é o proceso de introdución (por vía pacífica ou pola forza) dos elementos da organización social, política e cultural romana en Hispania, que se impuxeron ós elementos indíxenas. O proceso foi máis intenso no leste e o sur que no norte, sobre todo País Vasco e Navarra.

a) A división administrativa: Para administrar Hispania (nome co que os romanos designaba á Península Ibérica), os romanos empregaron a **delimitación provincial**. Cada provincia estaba dirixida por un pretor, asesorado e vixiado por unha asemblea (*consilium*). Había dous tipos de provincias: senatoriais, que estaban controladas polo Senado romano (como a Baética); e imperiais, que estaban baixo o control directo do emperador (como a Tarraconensis ou a Lusitania). O seu número variou ó longo da dominación romana: Nos inicios da conquista (século II a. C.), Hispania dividiuse en dúas provincias: Ulterior (a actual Andalucía e a parte occidental da Península) e Citerior (costa mediterránea e val do Ebro). Na época de Augusto (27 a. C.) creáronse tres provincias: Baética, con capital en Corduba (Córdoba); Lusitania, con capital en Emerita Augusta (Mérida), e Tarraconensis, con capital en Tarraco (Tarragona). No Baixo Imperio (séculos III e IV d.C.) as provincias aumentaron: Gallaecia, Cartaginensis, Tarraconensis, Lusitania, Baética (creadas por Diocleciano en 298) e a Baleárica (xurdida no s.IV).

Cada provincia estaba dividida nunha serie de conventus cunha principal función xudicial, tributaria e de recrutamento de tropas. Cada conventus contaba con varias cidades ou civitas. Había dous tipos de civitas: as **colonias** (fundadas por Roma con soldados licenciados) e os **municipia** (núcleos de poboación indíxena que adquiriran o réxime xurídico romano ou latino).

b) Urbanización: A presenza romana trouxo consigo a creación dunha ampla rede urbana como elemento básico de colonización (control político e militar) e explotación do territorio. Fundáronse moitas cidades: Itálica, Pompaelo, Barcino, Híspalis, Emerita Augusta... O

emperador Caracalla concedeu a todas as cidades do Imperio o Dereito Romano (*Ius Romanum*) no 212.


As cidades configuráronse segundo o modelo de Roma, por iso incorporaron as **construcións públicas** características das urbes romanas: **termas** e baños, **rede de sumidoiros**, **teatros** (Mérida, Sagunto...), **anfiteatros** (Itálica, Mérida...), **circos**, **templos**, **foros**, **murallas** (Lugo), **acuedutos** (Segovia, Mérida...), arcos conmemorativos (Bará, Medinaceli...), **pontes** (Alcántara)... Ademais da súa utilidade, estas obras eran o símbolo da fortaleza de Roma.

c) Unha ampla rede viaria para comunicarse en Hispania e con Roma. Con fins mercantís e militares construíron unha importante rede de calzadas. As máis importantes foron: **A Vía Augusta** que percorría toda a costa mediterránea. **A Vía da Prata**: Astorga- Mérida- Sevilla.

d) O legado cultural: O principal legado cultural é, xunto ás obras públicas, a lingua, o dereito e a relixión. **O latín:** impúxose e desprazou ás linguas prerromanas (só subsistiu o éuscaro). Impúxose como lingua oficial e privada. É o substrato das linguas romances: castelán, galego e catalán. **O dereito romano:** é aínda hoxe base substancial da nosa lexislación. Regulaba a convivencia da sociedade. **A relixión:** en principio practicouse a tolerancia cos cultos indíxenas, dándose un sincretismo a cambio do respecto ó culto ó emperador. Era obligatorio dar culto á Tríade capitolina que simbolizaba a autoridade de Roma (**Xúpiter, Xuno e Minerva**). Co tempo espallouse e impúxose o cristianismo, que se legalizou con Constantino I (Edicto de Milán de 313) e se converteu na relixión oficial con Teodosio I o Grande (Edicto de Tesalónica de 380), prohibíndose outros cultos.

Hispania foi un dos territorios do imperio máis romanizados. Boa proba diso é que varios emperadores naceron na península (Trajano, Adriano, Teodosio). Tamén houbo importantes filósofos como Séneca, Lucano e escritores como Quintiliano e Marcial.

Entre os séculos I e V, a historia de Hispania forma parte da historia de Roma. Aínda que a realidade dos pobos prerromanos non desaparecese totalmente, a romanización deu á Península a súa primeira identidade na historia: unha identidade estritamente romana. Os seus habitantes pasaron a ser denominados colectivamente polo xentilicio de “hispanos”.





División no Alto Imperio, Criada por Augusto (finais s.I a.C.)



División no Baixo Imperio (Diocleciano a finais do s. III)





Obras públicas romanas en Hispania



Murallas de Lugo



Acueducto de Segovia



Teatro de Mérida



Ponte de Alcántara